

## **HISTORIA DE ESPAÑA**

### **OPCIÓN A**

1. **Destes seis termos, elixe só catro e defíneos** (2 puntos, 0,50 por termo):  
(extensión máxima recomendada: 4 liñas por termo)

- Bárbaros, Taifas, Catastro de Ensenada, Ludismo, Fronte Popular, Lexión Cóndor.

2. **Explica a seguinte cuestión** (extensión máxima recomendada: unha cara de folio/30 liñas) (3 puntos):  
Escolle e responde só unha destas tres opcións:

- d) O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica
- e) A nova monarquía dos Reis Católicos
- f) Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos

3. **Composición histórica** (5 puntos):

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a restauración de Fernando VII e do absolutismo. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos a explicar a política seguida por Fernando VII tras o seu retorno a España, á delimitación temporal e ás características principais do Trienio Liberal e a Década Ominosa.

**Doc. 1. Manifiesto dos Persas (12 de abril de 1814):**

“Señor, era costume dos antigos persas pasaren cinco días de anarquía despois do falecemento do seu rei, a fin de que a experiencia dos asasinatos, roubos e outras desgrazas os obrigase a ser máis fieis ao seu sucesor. Para selo España a VM non necesitaba igual ensaio en seis anos da súa catividade [...]; máis, como en ausencia de VM se mudou o sistema [...] e nos achamos á fronte da nación nun Congreso que decreta o contrario do que sentimos [...], cremos un deber manifestar que [...] a monarquía absoluta [...] é unha obra da razón e da intelixencia: está subordinada á lei divina, á xustiza e ás regras fundamentais do Estado.

[...] Non podendo deixar de pechar este respectuoso Manifiesto [...] coa protesta de que se estime sempre sen valor esa Constitución de Cádiz e por non aprobada por VM.”

**Doc. 2. Manifiesto do Rei á nación española (Madrid, 10 de marzo de 1820):**

“ESPAÑOIS: Cando os vosos heroicos esforzos lograron poñer termo ao cativerio en que me retivo a máis inaudita perfidia, todo canto vin e escoitei, non ben pisei o chan patrio, reuniuse para persuadirme de que a Nación desexaba ver resucitada a súa anterior forma de goberno [...].

Pero, mentres Eu meditaba maduramente, coa solicitude propia do meu paternal corazón, as variacións do noso réxime fundamental que parecían máis adaptables ao carácter nacional [...], fixéstesme comprender o voso anhelo de que se restablecese aquela Constitución que entre o estrondo das armas hostís foi promulgada en Cádiz no ano de 1812 [...]. Xurei esa Constitución pola cal suspirabades, e sempre serci o seu máis firme apoio [...]. Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional.”

**Doc. 3. Proclama dirixida polo duque de Angulema aos españois (Bayonne, 2 de abril de 1823):**

“Españois! A Francia non está en guerra coa vosa Patria. Nacido do mesmo sangue ca os vosos Reis, non podo desexar máis ca a vosa independencia, a vosa felicidade e a vosa gloria. Vou pasar os Pireneos á cabeza de cen mil Franceses, pero é para me unir aos españois amigos da orde e das Leis, para axudarlles a rescatar o seu Rei cativo; a restablecer o Altar e o Trono; a librar do desterro os sacerdotes; do despoxo os propietarios; a todo o pobo do dominio dalgúns ambiciosos que, proclamando liberdade, non preparan senón a escravitude e a destrución de España [...].”



## HISTORIA DE ESPAÑA

### OPCIÓN B

1. Destes seis termos, elixe só catro e defínalos (2 puntos, 0,50 por termo):  
(extensión máxima recomendada: 4 liñas por termo)

- Castro, Converso, Antigo Réxime, Estatuto Real, Sanjurjada, Nacional-catolicismo.

2. Explica a seguinte cuestión (extensión máxima recomendada: unha cara de folio/30 liñas) (3 puntos):  
Escolle e responde só unha destas tres opcións:

- a) Conquista e romanización
- b) As crises baixomedievais
- c) As ideas fundamentais do pensamento ilustrado

3. Composición histórica (5 puntos):

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre as grandes reformas da II República. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos ás motivacións e ao contexto do programa reformista, ás principais medidas adoptadas e aos seus resultados.

**Doc. 1. Santiago Carrillo rememora a figura de Manuel Azaña e o seu papel na Segunda República:**

“Manuel Azaña era o líder republicano menos coñecido polas masas o 14 de abril cando o Comité Revolucionario se fixo cargo do Goberno, pero era tamén o que tiña un coñecemento máis exacto dos grandes problemas nacionais do momento. Entre estes atopábanse a gran propiedade latifundista, o control da Igrexa católica sobre a política e a cultura [...] e a existencia dun Exército colonialista [...].

[...] Como digo, seguramente Azaña tiña conciencia destes problemas coma ninguén, pero carecía de suficiente forza propia, dun partido forte que o sustentase, do apoio dunha burguesía emprendedora —inexistente— e, como recoñeceron moitos, do carácter e a coraxe que esixía a empresa [...].”

**Doc. 2. Beneficios da reforma agraria, segundo o enxeñeiro agrario Pascual Carrión, integrante da Comisión Técnica encargada de elaborar o anteproxecto de Lei de Reforma Agraria:**

“[...] O custo da reforma, xa o apreciamos, é duns 500 millóns de pesetas anuais durante un decenio, pero estas cantidades seranlle devoltas ao Estado polos mesmos cultivadores, e, canto ás melloras sociais, camiños, poboados, obras de rega, etc., tamén serán amortizadas co aumento de contribucións e impostos.

[...] A respecto dos beneficios sociais, non hai que ponderar o que supón que teñan ocupación todos os obreiros agrícolas desas provincias e que poidan levar unha vida modesta, pero que cubra as súas necesidades e lles permita ser verdadeiramente libres [...].”

**Doc. 3. A reforma educativa. Decreto de 24 de xuño de 1931:**

“O Goberno provisional da República sitúa no primeiro plano das súas preocupacións os problemas que fan referencia á educación do pobo. A República aspira a transformar fundamentalmente a realidade española ata lograr que España sexa unha auténtica democracia. E España non será unha auténtica democracia mentres a inmensa maioría dos seus fillos, por falta de escolas, se vexan condenados a perpetua ignorancia.

[...] Fundado nestas razóns, e a proposta do Ministro de Instrución Pública e Belas Artes, o Goberno provisional da República decreta:

Artigo 1.º Autorízase o Ministerio de Instrución pública para crear, a partir do 1º de Xullo, 7.000 prazas de Mestres e Mestras con destino ás Escolas nacionais [...].”